

PLAN DE IGUALDADE

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME

BURELA

Curso 21/22

ÍNDICE	Páx.
1. Introducción	
2. Contextualización normativa do centro.	
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, a violencia de xénero e a LGTBIfobia.	
4. Obxectivos coeducativos.	
4.1.Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	
4.2.Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.	
4.3.Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.	
4.4. Prevenición, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.	
5. Medidas concretas de actuación.	
5.1.Organización do centro.	
5.2.Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e saberes.	
5.3.Xestión dos espazos, recursos e oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	
5.4.Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	
6. Seguimento e avaliación.	

1. Introducción

Un dos obxectivos principais recollidos na lexislación educativa vixente con respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe refírese á formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirva para superar os comportamentos sexistas.

Coa fin de encamiñarnos á consecución do devandito obxectivo no seo do noso centro e da comunidade educativa en xeral elabórase o presente documento.

Con carácter xeral, e en cumprimento do especificado nos documentos legislativos pertinentes, o centro responde seguindo as directrices marcadas polas autoridades competentes.

- Activación de protocolos ou medidas de intervención cando aparezan condutas contrarias á convivencia por razóns de xénero.
- Difusión entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización. (ANPA consello Escolar, charlas a pais, documentos ce entro na páxina web)
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero (DO e titorías)
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado para conmemorar as datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGTBI)
- Actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, educación afectivo-sexual e prevención da LGTBI fobia)

No relativo aos documentos de centro nos que atopamos referencias explícitas á igualdade destacamos a importancia das recollidas no Proxecto Educativo, as cales se ampliarán no apartado correspondente.

- Proxecto Educativo de Centro (PEC): entre as notas de identidade recollidas neste documento destacan para o obxectivo deste plan as referentes á coeducación e á integración.

Do mesmo xeito, entre as iniciativas do centro en colaboración con institucións oficiais debemos poñer de relevo a solicitude de programas educativos encamiñados á inclusión.

- Contrato-programa INCLÚE-T: a través desta modalidade desenvolveranse iniciativas que melloren a inclusión do centro nos ámbitos da atención á diversidade, a inclusión educativa do alumnado, a colaboración con asociacións que traballen con diversidade funcional, o fomento de recreos igualitarios e inclusivos, o desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo e a creación de escolas de pais e nais, entre outros.

Finalmente, no eido da colaboración con entidades externas podemos subliñar o valor dalgunha das actividades extraescolares propostas polo Concello e outras entidades.

- Entre as actividades escolares que se ofertan no centro pode ser relevante, pola temática do presente documento, a Introducción á robótica, xa que a participación das alumnas neste tipo de accións facilita a apertura a campos de estudo relacionados coa ciencia en xeral e coas disciplinas STEM en particular.

2. Contextualización normativa e do centro

A continuación, no presente apartado, farase referencia ás cuestións organizativas relacionadas coa coa igualdade de xénero na documentación do centro:

Obxectivos coeducativos no Plan de Convivencia:

No Plan de Convivencia queda recollido nos apartados indicados a continuación as seguintes referencias á coeducación:

- Na XUSTIFICACIÓN DO PLAN
Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- Entre os OBXECTIVOS xerais.
Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación de nacemento, raza, sexo, idade, crenza ou relixión.
- No apartado de ACTUACIÓNS
Fomento da igualdade dos dereitos entre os sexos, rexeitamento a todo tipo de discriminación.
Poñer en práctica os protocolos existentes cara discriminación social, prevención de acoso, absentismo, violencia de xénero, etc., para evitar condutas contrarias as normas de convivencia.
- No relativo ás NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA
Tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.
Coidado no aseo e imaxe persoal. A vestimenta será a adecuada para garantir a dignidade persoal do alumnado e non dará lugar a discriminación por razón de sexo.

Obxectivos coeducativos no Plan de Acción Tutorial:

No Plan de Acción Tutorial establécense as seguintes actuacións que poden considerarse referentes á coeducación:

- Por parte do DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
Proporcionar aos titores/as técnicas e estratexias, para incorporar ás aulas contidos relacionados coa mellora da convivencia, en relación ao cumprimento das normas e a resolución pacífica de conflitos.
- Por parte da TITORÍA
Elaborar proposta de medidas que redunden na prevención e na mellora da convivencia, a través do traballo de normas nas aulas e no centro en xeral: Revisar e aplicar as propostas e medidas establecidas no Plan de Convivencia, que redunden na súa mellora.

Incorporar e desenvolver contidos relacionados co traballo de **normas de aula**.

Facilitar e dinamizar a integración do alumnado no grupo e no centro: Desenrolar xogos de presentación, relación e integración que propicien un clima axeitado e favorezan as relacións entre o propio alumnado Fomentar a aceptación de diferenzas individuais

Atención á prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación nas NOFC:

Entre os diferente apartados das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro atopamos as seguintes referencias á igualdade de xénero e non discriminación:

- No apartado correspondente á COMISIÓN DE CONVIVENCIA
A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

Impulsará accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

- No relativo aos DEBERES DO ALUMNADO
Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- No referente á COLABORACIÓN CON ENTIDADES PRIVADAS
O centro poderá participar en actividades, concursos, etc promovidas por empresas privadas sempre e cando cumpra os seguintes requisitos (...) As actividades non serán discriminatorias.

- No apartado dedicado ás **NORMAS XERAIS NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL**
Respecto ós outros nenos-as
Acepto a todos/as nos xogos e respecto as regras dos mesmos.
- No apartado correspondente ás **NORMAS XERAIS NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA**
Trato con respecto aos meus compañeiros/as, profesores e calquera outra persoa, evitando insultos, alcumes, pelexas...
Acepto a todos/as nos xogos colectivos e respecto as regras dos mesmos.
- Na relación de **CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**
Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Obxectivos coeducativos no Proxecto educativo:

Dentro do Proxecto Educativo, no apartado nomeado como NOTAS DE IDENTIDADE atopamos as seguintes referencias á temática que nos ocupa:

- **COEDUCACIÓN**
Tentamos traballar na eliminación das discriminacións contra a muller, e na superación dos mitos, tabúes e diferenciacións de "roles" entre o home e a muller.

O C.E.I.P.P "Virxe do Carme" tratará sempre de potenciar unha educación para a igualdade, sen discriminacións por razón do sexo.

Cremos que a coeducación é o proceso polo que chegamos, a través das vivencias relacionais entre nenos e nenas, á plena aceptación da propia sexualidade e a do outro e non só en ter nenos e nenas na mesma aula.

- **INTEGRACIÓN**
Unha escola para a igualdade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBifobia

Para garantir a efectividade das medidas recollidas no presente documento é imprescindible a realización dunha diagnose do centro na que se analicen as súas fortalezas e debilidades en materia de igualdade.

Os aspectos que se procede a valorar son os seguintes:

A. Os roles exercidos e os espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar:

O CEIPP Plurilingüe Virxe do Carme está situado en Burela e conta con seis unidades de Educación Infantil e doce de Educación Primaria.

O número de alumnos ascende a 290 entre nenos e nenas e o profesorado está composto por 32 docentes.

O Equipo Directivo está formado por tres mulleres, o cal da visibilidade á maioría de mulleres do claustro.

A procedencia do alumnado do centro é moi diversa, xa que contamos cunha alta porcentaxe de alumnado procedente do estranxeiro. Os roles de xénero no seo dalgunhas das etnias representadas entre o alumnado estranxeiro adoitan ser moi tipificados, polo que este é un dos eidos nos que o centro debe realizar unha función compensadora.

Tanto o absentismo escolar como a puntualidade son, en xeral satisfactorios.

B. O sexismo lingüístico nos documentos de centro.

Neste ámbito non se aprecia un uso abusivo do masculino xenérico para referirse a ambos sexos xa que, en xeral, vese substituído polo xenérico inclusivo (profesorado, alumnado...).

No tocante aos libros de texto e materiais didácticos continúa a haber certo desequilibrio tanto no uso do masculino no texto como nas imaxes e exemplos escollidos. Porén nos últimos anos observouse melloría no respecto ás representacións estereotipadas de homes e mulleres.

C. As actitudes ante cuestión de xénero por parte do profesorado.

As actitudes do profesorado en materia de xénero son sempre de trato igualitario de nenos e nenas, pero existe aínda a tendencia a dirixirse en masculino aos grupos calquera que sexa a súa composición.

D. A distribución e uso do patio.

Conforme as alumnas e alumnos avanza na súa escolaridade comezan a percibirse cada vez máis diferenzas no uso dos espazos de lecer.

Na etapa de Educación Infantil as relacións entre o alumnado adoitan ser máis igualitarias, aínda que xa se comeza a observar a presenza maioritaria de varóns nos xogos de pelota.

Durante os recreos no patio de Educación Primaria é frecuente que os alumnos ocupen as zonas deportivas, que son as máis amplas, mentres que as alumnas vense confinadas nos espazos periféricos.

As actividades que realizan tamén son diferentes, mentres os nenos elixen actividades e xogos principalmente físicos as nenas escollen xogos tradicionais ou simbólicos con maior frecuencia.

En canto ás condutas agresivas e violentas son maioritariamente masculinas.

E. A repartición de tarefas e responsabilidades familiares.

No seo das familias da comunidade educativa continúa a haber estereotipos que se manifestan de diferentes formas. Observamos a socialización desigual dos nenos e nenas no tipo de xoguetes que traen á escola e nas prendas de vestir que se elixe para eles e para elas.

Por outra banda a comunicación co centro e en xeral a relación familia-escola segue a recaer nas nais do alumnado, aínda que nos últimos tempos esta tendencia estase a corrixir, observándose unha implicación cada vez maior dos pais na educación das súas fillas e fillos.

Polo que respecta ás tarefas do fogar continúan a observarse desequilibrios, sobre todo nas contornas familiares máis tipificadas, sendo a miúdo as nenas as que se ven impelidas a colaborar nas tarefas domésticas ou no coidado dos irmáns menores.

4. Obxectivos educativos:

a. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

O evidente avance nas políticas de igualdade na nosa sociedade non pode deixar de ver a presenza de elementos de desigualdade aos que debemos dar visibilidade.

As relacións interpersoais ao longo da vida vense afectadas por unha socialización diferenciada e desigual que tende a naturalizar actitudes e situacións violentas ou inxustas. Trátase de condutas sutís e cotiás que non se perciben como sexismo ou violencia mais que constitúen estratexias de control que atentan conta a autonomía persoal das mulleres (micromachismos)

Por esta razón resulta necesario visibilizar actitudes sexistas a calquera nivel e construír modelos igualitarios de socialización e relacións interpersoais.

Os obxectivos a desenvolver a través deste plan son que se recollen a continuación.

No ámbito da coeducación:

- Fomentar a análise crítica da construción social de xénero e as súas repercusións na desigualdade e a violencia de xénero.
- Promover os valores de respecto e igualdade de dereitos e oportunidades para homes e mulleres.
- Analizar as formas en que as desigualdades de xénero están aínda presentes na contorna educativa.

- Implantar un modelo coeducativo que, en prol da igualdade, modifique os modelos organizativos do sistema, a súa estrutura, a súa organización, a súa ideoloxía e a propia práctica educativa.
- Deconstruír as identidades de xénero restritivas que se basean en estereotipos sexistas e que impiden unha forma libre de facerse home ou muller.

No eido da prevención da violencia de xénero:

- Facilitar o coñecemento e a identificación das diferentes manifestacións e tipos de violencia de xénero.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a gravidade e as consecuencias negativas que ten a violencia de xénero sobre as persoas que a sofren.
- Favorecer o desenvolvemento de estratexias de actuación fronte ás diferentes manifestacións da violencia de xénero e o coñecemento dos distintos recursos existentes en materia de violencia de xénero.
- Proporcionar pautas e recursos para detectar e intervir ante posibles casos de violencia de xénero.

No referente ás relacións interpersoais:

- Reflexionar sobre modelos sans de relación de parella baseados na igualdade e libres de estereotipos e discriminacións por razóns de xénero.
- Fomentar a autoestima das nenas e as adolescentes.
- Implicar aos nenos e os adolescentes na construción de modelos de masculinidade comprometidos coa igualdade e a non-violencia.
- Fomentar a resolución pacífica dos conflitos

No referente a actuacións específicas:

- Proporcionar recursos específicos que favorezan a educación en e para a igualdade de oportunidades.
- Facilitar a posta en marcha de accións e intervencións coeducativas específicas para fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito educativo.
- Incluír a educación afectivo-sexual con perspectiva de xénero desde idades temperás, que cuestione os esquemas de relación entre os sexos e promova un trato igualitario.
- Promover a prevención da violencia contra as nenas e as mulleres a través da educación emocional, a educación en valores e as relacións baseadas na igualdade e a non violencia.

b. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

Consideramos fundamental a sensibilización e a formación da comunidade educativa na detección temperá da violencia de xénero. A actuación dos profesionais educativos debe basearse no principio de responsabilidade cívica e, ante unha situación destas características é unha obriga proceder adecuadamente. Por isto establécense a continuación unha serie de indicadores que nos poden facer sospeitar dunha situación de violencia de xénero e o protocolo de actuación a levar a cabo neste caso.

Indicadores para o profesorado: En educación Infantil e Primaria non se amosaron casos que nos poden facer sospeitar que unha alumna pode estar sendo vítima de violencia de xénero aínda que por razón de sexo algunhas familias poden amosar os seguintes indicadores:

- Falta de autonomía para tomar decisións.
- Non participa nas actividades extraescolares.
- Dependencia afectiva.
- Cústalle concentrarse no estudo ou no traballo.
- Diminución do rendemento académico.
- Illamento.
- Posibles cambios de actitude.
- Ausencias inxustificadas.
- Condutas disruptivas.
- Mostra baixa autoestima.
- Mostra sinais físicos de lesións.

Moitos destes indicadores tamén poden estar presente entre o alumnado que se atope en contacto con situacións de violencia de xénero no ámbito familiar aínda que non sexa vítima directa dela.

Indicadores que poden alertar ás familias sobre unha situación de violencia de xénero.

- Móstrase máis irascible.
- Hai tempo que non ve ás súas amigas, ou relaciónase menos con elas.
- Cambiou a súa forma de vestir, xa non usa a mesma roupa.
- O seu rendemento académico é menor que antes.
- O seu comportamento no centro escolar é diferente e o profesorado comentou o seu cambio de actitude en clase.
- Está moi centrada no móbil e nas redes sociais.
- Antes ía a actividades de lecer ou deporte, pero desde que ten parella deixou de ir.
- A súa autoestima é bastante baixa.
- A súa relación coa familia deteriorouse, xa non existe tanta confianza como antes.

Indicadores observados no posible agresor

- Fala despectivamente, con estereotipos e prexuizos, e pode usar unha linguaxe violenta para referirse ás mozas e ás mulleres.
- Mostra comportamentos desafiantes, ata violentos.
- Participa nas pelexas habituais cos seus iguais.
- Ten actitudes e condutas prepotentes e dominantes.
- Despreza o feminino, sobrevalora o masculino e búrtese dos seus iguais que considera menos.

- Ante un problema, un conflito, usa a violencia e enfádese facilmente si as cousas non son como quere.
- Mostra intolerancia á frustración e culpa a outras persoas.
- Actitudes de burla e falta de empatía cara ao sufrimento dos ou das demais.
- Percibe os celos e o control como unha forma de amor
- Menospreza a figura feminina e trata de humillar ás mulleres, especialmente á súa parella.
- Actitude proteccionista e paternalista coa súa parella.
- En debates pode chegar a xustificar a violencia do home sobre as mulleres

Protocolo de actuación

Ante a sospeita ou evidencia dun caso de violencia de xénero que afecte ao alumnado do centro débese actuar de inmediato, garantir a protección da vítima, adoptar medidas educativas co alumnado implicado e derivar o caso aos recursos especializados preservando sempre o principio de confidencialidade.

Os pasos a seguir neste caso serán os seguintes:

1. Identificación e comunicación da situación:

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de violencia de xénero nunha alumna debe poñelo en coñecemento da dirección do centro.

2. Actuacións inmediatas:

O Equipo Directivo, a titoría do alumnado afectado e o responsable de orientación recompilarán toda a información posible sobre a situación, analizarana e valorarán a intervención que proceda, recollendo por escrito a información obtida e as actuacións acordadas. Informarase, se é o caso, a Inspección Educativa e aos servizos especializados en violencia de xénero.

3. Medidas de urxencia:

Tomaranse todas aquelas que permitan protexer á alumna afectada e evitar as agresións, así como as medidas pertinentes de apoio e axuda e as medidas cautelares necesarias co agresor ou agresores.

4. Traslado ás familias ou responsables legais do alumnado:

A persoa responsable da orientación entrevistárase coas familias ou responsables legais do alumnado implicado aportándolles a información sobre as medidas adoptadas.

5. Traslado a outros profesionais que atenden á vítima de violencia de xénero:

Sempre coas medidas oportunas de confidencialidade e protección da intimidade poderase informar ao equipo docente do alumnado implicado e/ou a outras institucións externas (sociais, sanitarias ou xudiciais)

6. Recollida de información de distintas fontes:

Unha vez adoptadas as medidas de urxencia recompilarase a información necesaria relativa ao feito mediante a recompilación de documentación, observación sistemática dos indicadores sinalados nas diferentes contornas escolares e a través da triangulación de opinións entre profesorado, alumnado e familia. Poderá completarse con outras fontes como servizos médicos ou servizos sociais.

7. Aplicación de correccións e medidas disciplinarias:

No caso de que a persoa ou persoas agresoras sexan alumnos/as do centro, unha vez recollida e contrastada a información, adoptaranse medidas correctivas ás condutas contrarias á convivencia ou medidas disciplinarias segundo o establecido nos documentos de centro.

8. Comunicación a Inspección Educativa:

A dirección remitirá o informe correspondente ao Servizo Provincial de Inspección Educativa.

9. Medidas e actuacións a definir:

O equipo directivo, co asesoramento da persoa responsable da orientación, definirá un conxunto de medidas concretas para cada caso de violencia de xénero no ámbito educativo.

Algunhas delas poden ser:

- Coa alumna vítima de violencia de xénero: actuacións de apoio e protección, actividades de educación emocional, estratexias de apoio social, intervención individualizada por parte da persoa orientadora, desenvolvemento da autoestima e asertividade e derivación, se procede, aos servizos competentes de protección de menores.
- Co alumno ou alumnos agresores: aplicación das medidas de corrección e disciplinarias correspondentes, programas específicos de modificación de conduta e axuda persoal, actuacións no seo da aula de convivencia e derivación, se procede, aos servizos competentes de protección de menores.
- Cos compañeiros e compañeiras do alumnado implicado: campañas de sensibilización para a igualdade de xénero e de prevención e rexeitamento da violencia, así como programas de mediación.

- Coas familias: orientación sobre como axudar aos seus fillos ou fillas, información sobre posibles apoios externos ou recursos dispoñibles para a axuda psicolóxica e o asesoramento xurídico.
- Co profesorado: orientacións sobre como intervir nunha situación de violencia de xénero, accións de sensibilización, prevención e rexeitamento da violencia e actividades de formación específicas.

10. Comunicación ás familias ou responsables legais do alumnado:

Informarase ás familias do alumnado das devanditas medidas individuais adoptadas, así como das medidas de carácter organizativo ou preventivo, observando sempre a debida confidencialidade.

c. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

A discriminación por homofobia e transfobia son realidades presentes en todas as sociedades e reproducense, en maior ou menor medida, nos centros educativos. Ser lesbiana, gay, bisexual, transexual ou intersexual ou non cumprir coas normas de xénero impostas culturalmente ás mulleres e aos homes son algunhas das causas máis frecuentes do acoso escolar.

A intervención fronte o acoso escolar por homofobia ou transfobia é unha responsabilidade que o profesorado e todos os membros da comunidade educativa deben cumprir e facer cumprir.

Para fomentar o respecto pola diversidade afectivo-sexual, desde este plan propónse:

- **Informar:** promover unha maior comprensión das diferentes formas de expresión da orientación e identidade sexual.
- **Sensibilizar:** impulsar a valoración positiva de todas as formas de expresión da orientación e identidade sexual así como a todos os valores igualitarios en materia de xénero.
- **Visibilizar:** poñer de manifesto situacións de LGTBifobia e proporcionar referentes dentro da comunidade LGTBI.
- **Respectar:** utilizar recursos educativos que aumente o respecto e a comprensión da diversidade de orientacións sexuais e identidades de xénero.
- **Protexer:** é responsabilidade de todos que a contorna escolar constitúa un espazo seguro para todo o alumnado independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero.

d. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia.

A continuación establécense unha serie de recomendacións para a **prevención** do acoso escolar por homofobia e transfobia:

Eliminar os prexuízos:

- Tratar de non presupoñer a orientación sexual ou o xénero das persoas que te rodean.
- Respetar os distintos modos de expresar a propia orientación sexual e identidade de xénero.
- Valorar e recoñecer as facetas de personalidade da persoa máis aló da súa pertenza ao colectivo LGTBI.
- Recoñecer os prexuízos, mitos e falsas crenzas que existen ao noso redor sobre as persoas LGTBI.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada individuo traballando e celebrando todas as diversidades.

Coidar a linguaxe:

- Utilizar unha linguaxe inclusiva e non sexista para que todas as persoas que estean a escoitar se sintan representados no discurso.
- Evitar a linguaxe homófoba e tránsfoba que se da de forma involuntaria habitualmente.
- Respetar o desexo de cada persoa a ser tratada co xénero co que se identifica.

Valorar os aspectos positivos da diversidade

- A diferenza permítenos aprender do distinto. Valora a presenza de membros diversos da comunidade educativa en relación coa súa orientación e identidade sexual.
- Normaliza a diferenza, non definas á persoa en base á ela e evita as etiquetas.
- Cuestiona os estereotipos e reflexiona sobre os conceptos e realidades que asocias coa homosexualidade ou a bisexualidade: amor, respecto, diversidade, liberdade e igualdade.
- Incorpora unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes nos centros educativos.
- Valora positivamente as expresións de afecto e amor entre todas as persoas, sexa cal sexa o seu sexo.

Respetar as características individuais das persoas.

- O respecto á diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero é tarefa de toda a comunidade educativa, non só das persoas LGTBI.
- Respecta a intimidade a confidencialidade e os tempos e procesos de cada persoa.

Recóllense a continuación unha serie de indicadores de **detección** do acoso escolar por homofobia e transfobia.

- O alumnado refírese á persoa utilizando alcumes relacionados co xénero ou a sexualidade.
- É obxecto de burlas, chistes, menosprezo, exclusión e/ou insultos pola súa orientación ou identidade sexual.
- Cando na clase aparecen referencias a persoas do colectivo LGTBI faise alusión á persoa acosada.

- As relacións entre o alumnado cando participan en xogos ou actividades segregadas por sexos presenta problemas para esta persoa.
- Danse conflitos no uso dos baños e vestiarios, xa que ao estar segregados por sexos e sen supervisión adulta son lugares de risco para condutas homófobas e tránsfobas.
- Situacións cotiás (uso de espazos comúns, xogos, falar en público, entradas e saídas do centro...)son vividas con tensión pola persoa afectada.
- Obsérvase unha maior introversión, tristura e pasividade na participación en actividades do centro.
- O seu rendemento académico diminúe gradualmente.
- Presenta ausencias inxustificadas con maior frecuencia que os seus compañeiros e compañeiras.

Se se detectan algúns destes indicadores pode proceder a posta en marcha do protocolo de **intervención** no caso de acoso escolar por homofobia e/ou transfobia.

1. Notificación:

Cando un membro da comunidade educativa detecte unha posible situacións de acoso escolar por homofobia ou transfobia deberá comunicala ao equipo directivo para poñer en marcha o presente protocolo.

2. Investigación:

O Equipo Directivo conformará á maior brevidade unha Comisión de Investigación que recollerá a información necesaria, garantindo o anonimato e confidencialidade das persoas implicadas.

Observaranse os posibles espazos de risco do centro e as interaccións que teñen lugar nos mesmos entre o alumnado sobre o que se está a investigar.

A continuación realizaranse unha serie de entrevistas, preferiblemente na orde aquí exposta:

- **Entrevista ao alumnado presuntamente acosador (individualmente).**
- **Entrevista co alumnado observador non participante (de xeito individual ou grupal).**
- **Entrevista co alumnado presuntamente acosado (individualmente) .**
- **Entrevista coa familia ou adultos responsables do alumnado presuntamente acosador (Se a gravidade do caso o require e cos consentimentos apropiados)**
- **Entrevista coa familia ou adultos responsables do alumnado presuntamente acosado. (No caso de que este non manifeste reticencias sobre a posibilidade de realizar esta entrevista. Se o ámbito familiar se presenta problemático podería valorarse outro tipo de intervención)**

Por outra banda poranse en marcha tres **medidas preventivas** que se manterán ata a finalización do Protocolo:

- O persoal docente continuará vixiando aqueles lugares potencialmente perigosos nos que poidan suceder situacións de acoso por homofobia e transfobia.

- As amizades do alumnado acosado poden efectuar un acompañamento durante o tempo que se considere oportuno, se o alumnado acosado así o desexa.
- Aténdonos aos desexos deste alumnado poderá contar co seguimento e contención emocional dun docente de confianza.

3. Valoración:

Se o Informe de valoración conclúe que existe un caso de acoso escolar por homofobia ou transfobia no centro educativo, activarase a seguinte fase de Intervención.

4. Intervención:

A Xefatura de Estudos poñerá en marcha un plan de intervención composto dúas fases:

COMUNICACIÓN

Antes de proceder á comunicación coa familia da persoa acosada debemos coñecer a súa situación neste ámbito, xa que en ocasións tamén no seo da mesma se producen situacións de homofobia e transfobia.

No caso de que se dea esta situación, producíndose un caso de desprotección infantil e transcendendo os recursos e competencias do centro, será necesario solicitar axuda externa.

Se o ambiente familiar é favorable procederase a comunicar a situación ás familias implicadas, solicitando a súa colaboración na intervención proposta polo centro, informarse das medidas adoptadas e, se procede, das actuacións legais competentes por parte do centro educativo.

MEDIDAS

Os organismos pertinentes tomarán as medidas necesarias nos diferentes ámbitos da comunidade educativa.

Medidas educativas co alumnado implicado

- Coa persoa acosada

Ofertaranse ao alumnado vítima de acoso Titorías Específicas voluntarias para abordar a súa situación.

O coñecemento da orientación ou identidade sexual do alumnado non é imprescindible, pero pode ser útil para dotar ao alumnado das ferramentas adecuadas. En todo caso, primará o respecto á intimidade do alumnado e o seu dereito a non falar sobre a cuestión.

No caso de tratarse de persoas heterosexuais, ofrecerase información específica sobre os motivos polos que puido sufrir este tipo de acoso, como o feito de non adecuarse ás normas de xénero hexemónicas, por exemplo. Sempre dende un punto de vista informativo e sen culpabilizar á vítima.

No caso de tratarse de persoas homosexuais, transexuais ou intersexuais ofrecerase información específica sobre diversidade sexual e de identidade de xénero.

En todos os casos ofrecerase asesoramento en condutas de autoprotección, asertividade e axuda para a recuperación da autoestima.

Só se o nivel de gravidade da situación o require, pode analizarse a posibilidade dun cambio de grupo da persoa ou persoas acosadoras ou, como último recurso, da persoa ou persoas acosadas.

- Coa persoa ou persoas acosadoras

Traballárase en titorías específicas obrigatorias para abordar os motivos e as consecuencias da situación de acoso escolar por homofobia ou transfobia, fomentando a empatía coa vítima para levar a un cambio de actitude.

Se a persoa afectada o solicita pedirase que a persoa ou persoas acosadoras manifesten as súas desculpas verbalmente ou por escrito.

As persoas acosadoras participarán na realización de tarefas relacionadas con mellora da convivencia no centro, preferiblemente específicas sobre a diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.

Realizaranse traballos prácticos específicos sobre as consecuencias da homofobia e a transfobia na sociedade e o seu impacto nas vidas das persoas LGTBI así como sobre os importantes aportes deste colectivo ás ciencias, a arte e a consecución de dereitos civís.

Ofreceranse ferramentas para a resolución de conflitos e habilidades sociais para a empatía e a non violencia verbal e física.

Dependendo do nivel de gravidade da situación, pódese cambiar de grupo á persoa ou persoas acosadoras se non cambia a súa actitude.

- Co alumnado testemuña do acoso
- No caso de que se interviñera:

Reforzase positivamente esta conduta e ofrecerá unha distinción por parte do recoñecendo a súa achega na loita contra a homofobia e transfobia no seu centro educativo.

- No caso de que non se interviñera tendo a oportunidade ou se participou pasivamente:

Explicitarase a necesidade de actuación fronte as situacións de acoso por homofobia ou transfobia, xa que o silencio ante estes comportamentos fainos cómplices dos mesmos.

Traballárase en titorías específicas obrigatorias para abordar os motivos e consecuencias da situación de acoso escolar, fomentando a empatía coa vítima para levar a un cambio de actitude.

Participarán na realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia no centro e en actividades específicas sobre a diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero.

Realizará traballos prácticos específicos sobre as consecuencias da homofobia e a transfobia na sociedade e o seu impacto nas vidas das persoas LGTBI, así como sobre os importantes aportes deste colectivo ás ciencias, a arte e a consecución de dereitos civís.

Ofreceranse ferramentas para a mediación e a resolución de conflitos.

- Coas familias do alumnado implicado:

O Equipo Directivo, o Departamento de Orientación ou o profesorado titor comunicarase coas familias implicadas (só se procede) coa fin de:

Informar sobre a situación, as medidas adoptadas e solicitar a súa colaboración.

Ofrecer información e orientación sobre como prestar axuda aos seus fillos ou fillas, sexan acosadores/as ou acosados/as.

Ofrecer referentes, entidades ou apoios externos que complementen dita información.

- Co profesorado:

Informarase a todo o persoal docente e non docente da situación e das medidas adoptadas.

Recordarase a súa responsabilidade á hora de seguir as recomendacións deste Plan para previr o acoso escolar por homofobia e transfobia.

Recordaranse os indicadores para a detección de posibles casos de acoso escolar por homofobia e transfobia.

Informaráselles sobre o seu papel e recordaráselles a súa responsabilidade na fase de seguimento do Protocolo.

5. Seguimento:

Finalmente realizarase un seguimento do caso por parte de toda a comunidade educativa que estará a cargo do Equipo Directivo e do Departamento de Orientación.

O seguimento consistirá en velar polo cumprimento das medidas adoptadas e en avaliar a evolución social e relacional das persoas implicadas para evitar novas situacións de acoso por homofobia ou transfobia.

5. Medidas concretas de actuación:

a. Organización do centro.

Como medidas concretas de actuación en materia de organización do centro propoñemos as seguintes:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no consello escolar para participar no impulso do presente plan e das actividades e iniciativas que nel se fan explícitas.

- Difusión do plan entre os axentes da comunidade educativa, en especial as familias. A través dos medios á disposición do centro tratarase de difundir o máximo posible o presente documento. Isto pode realizarse a través da páxina web do centro e outros medios telemáticos, así como por medio de actividades presenciais con alumnado e familias se se considera necesario.

- Formación do profesorado e programas e metodoloxías que fomentan a inclusión e a igualdade. Neste eido podemos facer referencia á formación no Programa de Aprendizaxe cooperativo a través dos PFPP impulsados dende o centro e os CFR ou a participación do conxunto do centro nos contratos-programa, propostos pola Consellería de Educación, que melloren estes aspectos da convivencia. Na actualidade o centro atópase adherido ao Contrato-Programa INCLÚE-T.

- Colaboración con outras entidades para desenvolver actividades formativas en cuestións de xénero tanto para os docentes como para o alumnado ou para as familias. Neste eido podemos facer referencia ao Programa de Educación Afectivo Sexual "Coñécete" ou ás charlas educativas organizadas pola AMPA para tratar algúns dos problemas que afondan na fenda de xénero na sociedade actual.

- Organización de actividades concretas nas datas coeducativas do calendario escolar: Nestas datas sinaladas (Día contra a violencia contra a muller, día da paz e día internacional da muller) datas xa se viñan realizando actividades no centro que impulsaban a igualdade entre homes e mulleres, mais, na mesma liña da traballo poderanse incorporar outras datas sinaladas, como o días contra a LGTBifobia, e estender a perspectiva de xénero a outras conmemoracións.

b. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisión de programacións e materiais didácticos: os niveis e ciclos coordinaranse para revisar os materiais que se utilizan no proceso de ensino-aprendizaxe dende unha perspectiva de xénero, en especial os libros de texto.

Complementarase o material coa inclusión de información sobre mulleres e persoas LGTBI na materia de estudo compensando a súa invisibilización.

Ademais tratarase de empregar na oralidade unha linguaxe non sexista e analizaranse os estereotipos que se transmiten moitas veces de xeito non intencionado, promovendo actividades que supoñan unha ruptura cos roles tradicionais de xénero.

- Incorporación de Actividades de sensibilización na aula: levaranse a cabo de xeito transversa actividades de educación emocional, promoción da convivencia, coeducación, traballo de habilidades sociais e relacionais e educación sexual, procurando integrar as mesmas nas tarefas diarias da aula de xeito globalizador e integrador.

- Revisión das actividades po Plan de Acción Titorial incorporando a perspectiva de xénero: Dende o Departamento de Orientación adaptarase este documento seguindo os principios recollidos neste Plan de Igualdade.

Por outra bando as titorías, conxuntamente co responsable en materia de igualdade, poderán planificar e avaliar actividades, a longo prazo ou puntuais, encamiñadas á consecución dos obxectivos. Algunhas serán actividades do centro, outras de aula e outras xeneralizadas para toda a comunidade educativa.

c. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Organización de lecturas coeducativas na biblioteca escolar: periodicamente poderanse realizar actividades de animación á lectura como dramatizacións, contacontos, lecturas compartidas, ... que se fomentará que xiren en torno a temática da igualdade. Inclúiranse títulos que contribúan a unha educación que fomente a igualdade entre as persoas aproveitando a dotación de títulos inclusivos da biblioteca.

- Xestión das actividades e ocupacións do patio: Preténdese promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual nos tempos de lecer fomentando a participación coa participación das nosas alumnas e alumnos en todos os xogos que discorran no patio. Para isto poderanse organizar competicións deportivas con equipos mixtos, proporcionarse material coeducativo de xogo simbólico e fomentar actividades lúdicas que non teñan un forte sesgo social de xénero.

- Prevención da discriminación por xénero, identidade e orientación sexual dende a orientación educativa: Dende o Departamento de Orientación traballarase para minimizar a fenda de xénero relacionada cos diferentes itinerarios educativos e carreiras laborais. Propóranse actividades que fomenten a libre elección de tarefas, afeccións e vocacións. Ademais daranse referentes igualitarios nas diferentes disciplinas tratando así de derrubar os estereotipos de xénero relacionados co mundo laboral.

d. Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Dende o centro consideramos imprescindible inserir a coeducación nas situacións habituais de ensino na aula e nas diversas actividades educativas, evitando considerala un agregado ao currículo, senón un pilar fundamental da práctica docente.

- Posta en marcha dunha metodoloxía e principios educativos que fomenten a igualdade e a inclusión como a aprendizaxe interactiva e globalizada, a creación de ambientes ricos para a comunicación, o traballo en equipo ou o papel activo do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe. Dentro destes principios cobran vital importancia as metodoloxías activas, participativas e cooperativas

- Promoción do xogo mixto: Nos tempos de recreo e lecer supervisados polos docentes procurarase que nenos e nenas compartan xogos, evitando a formación de grupos pechados, favorecendo o grupo mixto e que se negue a participación dunha persoa por razón do seu sexo.

Perspectiva de xénero no Plan de Convivencia

Dentro do mesmo establecerase mecanismos para que tanto o responsable de Igualdade como o de convivencia promovan accións conxuntas que contribúan a facer do centro un espazo coeducativo. Ademais revisarase que nos seus principios e obxectivos se promovan actitudes de respecto e bo trato entre homes e mulleres, coidado das persoas, respecto cara a diversidade sexual e de xénero e corresponsabilidade nas tarefas

6. Seguimento e avaliación

Para a avaliación do presente plan faremos uso dun sistema que nos permita, non só, recoller o progreso do alumnado en materia de igualdade, senón tamén o progreso de todos os axentes participantes e o grao de realización das actuacións coeducativas expostas.

O presente plan deberá revisarse ao principio de curso engadindo ou modificando as medidas propostas en función do conseguido o curso anterior. Pola súa banda a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o responsable de igualdade do dentro realizarán un seguimento das propostas do plan durante o curso.

Finalmente avaliarase o progreso nas diferentes áreas abordadas e o grao de consecución dos obxectivos propostos, e poderán realizarse propostas de mellora.

Para realizar a avaliación de xeito obxectivo e medible estableceranse unha serie de indicadores de medida referentes ao grao de implicación do profesorado e a comunidade educativa en xeral, a idoneidade das actividades propostas, os cambios de actitude observados en alumnado e profesorado e a eficacia dos métodos de coordinación utilizados. (Ver táboa I)

Instrumentos de avaliación elixidos para cumprimentar o grao de consecución de cada un dos indicadores debe ser variado polo que se contempla a observación directa, o uso de cuestionarios e enquisas aos distintos membros da comunidade educativa e a análise dos traballos e iniciativas levadas a cabo no eido da igualdade, entre outros.

Táboa I. Indicadores de avaliación do Plan de Igualdade

INDICADORES			
Coeducación	I	EP	C
Os documentos de centro fan referencia aos obxectivos do Plan de Igualdade.			
As programacións didácticas contemplan a igualdade de xénero.			
O Plan de orientación e o Plan de Acción Titorial contemplan a igualdade de xénero.			
O Plan de Convivencia contempla a igualdade de xénero.			
Os materiais e recursos utilizados polas titorías son coeducativos.			
Deuse visibilidade á figura da muller e ao colectivo LGTBI			
Os xogos que se practican no centro non son violentos nin sexistas.			
Sensibilización da comunidade educativa.	I	EP	C
O diagnóstico sobre igualdade de xénero está actualizado.			
A linguaxe non sexista prima na documentación do centro e nos seus medios de difusión informativa.			
Realízanse actividades complementarias e extraescolares de carácter coeducativo.			
O uso dos espazos físicos do centro é igualitaria e inclusiva.			
Implicación da comunidade educativa.	I	EP	C
O Claustro do centro participa nas medidas propostas para corrir situacións de desigualdade.			
As familias participan en accións coeducativas			
Existe coordinación entre as persoas e comisións responsables da igualdade e da convivencia.			

Lenda: I= Iniciado EP= En Proceso C= Conseguido